



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

NÚMERO 5/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE MAIO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e cinco de maio de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernandez, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D.ª Raquel Boliato Fariñas, D.ª Zelita Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Corelo, D.ª María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D.ª María Pardo Fafián, D.ª María del Carmen Pose Varela, D.ª Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D.ª María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-
Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas da sesións anteriores.-

Aprobanse as actas da sesións nº 3/2017, de 30-3-2017, por maioría coa abstención do sr. García Corelo, e nº 4/2017, de 27-4-2017, por unanimidade.-

2º.- Recoñecemento extraxudicial de créditos P3/2017.-

Dada conta do ditame da Comisión Xeral sobre o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos P3/2017, o sr. Interventor expón que procede emendar a proposta para excluír a factura A61 da empresa Berrobambán S.L., por non terse efectuado a prestación.-

O sr. Alcalde informa de que o motivo do expediente é a presentación neste exercicio de facturas por gastos do ano anterior por parte dos correspondentes provedores, especialmente de subministración de enerxía eléctrica.-

De conformidade co ditame da Comisión acórdase por unanimidade:

Aprobar os gastos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial P3/2017,segundo o ditame da Comisión informativa Xeral coa emenda correspondente á exclusión da factura A61 emitida por Berrobambán S.L. da relación de facturas que integran o expediente, polo que se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe global de 39.678,32.- euros.-

3º.- Aprobación definitiva do Presupuesto municipal para o exercicio 2017.-

Dáse conta das alegacións presentadas durante o período de exposición pública contra o Presupuesto municipal para 2017 aprobado inicialmente en sesión de 30-3-2017, así como do informe emitido pola Intervención municipal ao respecto e do ditame da Comisión informativa Xeral.-

O sr. López Mallo considera que algunha das alegacións ten certa coherencia pero outras non, polo que o seu grupo vai absterse; crítica o atraso na presentación do Presupuesto, a insuficiencia de certas consignacións, como a relativa a gasto xurídico, a utilización das subvencións nominativas que se criticaba ao goberno municipal do PP e cuxa conta agora incrementábase, e a falta de previsión de mantemento do edificio do Náutico, que ao igual que o hotel permanece esquecido.-

A sra. Boloño di que o seu grupo está a favor da proposta, que xa apoiaron o Presupuesto no acto de aprobación inicial por consideralo de marcado carácter social, impulsador do benestar e da educación; o informe de Intervención propón a desestimación das alegacións e o seu grupo asume este criterio técnico.-

O sr. Montouto, en relación coa alusión do sr. López ao Náutico, di que hai unha sentenza que cumprir respecto deste edificio.-

O sr. Alcalde di que os gastos xurídicos atenderanse cando haxa sentenzas firmes que orixinen gastos para o Concello.-

Sometido a votación o ditame da Comisión sobre o asunto da Orde do Día, apróbase por maioría, con dez votos a favor e sete abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Desestimar e inadmitir as dúas alegacións formuladas contra o Presupuesto Xeral do Concello durante o período de exposición pública, segundo procede nos termos do informe obrante no expediente, polos motivos expostos no mesmo e de conformidade co establecido no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

2º.- Aprobar definitivamente o Presupuesto Xeral do Concello para o exercicio 2017, aprobado inicialmente en sesión de 30-3-2017, coas súas Bases de Execución e Cadro de Persoal do Concello para 2017.-

3º.- Notificar este acordo aos interesados que presentaron reclamacións.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

4º.- Publicar o Presupuesto, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Personal, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia de aquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 e 169.3 e 4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

O vocero do grupo PP manifesta que a intención do seu grupo era absterse en canto á resolución das alegacións e votar en contra da aprobación definitiva do Presupuesto.-

4º.- Aprobación definitiva da modificación nº 1/2017 da Relación de Postos de Traballo.-

Sométese a debate o ditame da Comisión informativa Xeral relativo á aprobación definitiva da modificación nº 1/2017 da Relación de Postos de Traballo, coa finalidade de suprimir un posto de segunda actividade de policía local.-

O sr. Anido censura que fai un ano se creara o posto e agora se suprime e considera que o ano próximo haberá solicitudes de pase a segunda actividade; non se chegou a acordo cos sindicatos e non se admiten as alegacións, polo que o grupo PP votará en contra da medida.-

O sr. Alcalde di que se propón desestimar as alegacións presentadas por D. Mario Azpillicueta Rivas e por D. Arginito Casco Lago, que xa explicou na aprobación inicial do asunto as razóns desta modificación, non existen solicitudes de pase a segunda actividade polo que o posto non é necesario neste exercicio, e por outra parte a situación de carencia de efectivos no cadro de persoal impide tanto a concesión de segunda actividade como de comisións de servizos durante este ano. Di que mantivo unha reunión co Vicepresidente da Xunta para tratar da provisión de vacantes no caso de que se aprobe a norma que establecería a xubilación aos 60 anos, para ter prevista dita eventualidade.-

A sra. Bolaño coincide cos argumentos expostos polo sr. Alcalde.-

Sometido o asunto a votación acórdase por maioría, con dez votos a favor e sete en contra:

1º.- Desestimar a totalidade das suxestións presentadas durante o período de información pública da modificación nº 1/2017 da Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente por acordo plenario de 30-3-2017, por referirse todas elas a cuestións de oportunidade e propostas alternativas á modificación de que se trata, que se considera acorde coa legalidade vixente e coas necesidades municipais.-

2º.- Aprobado definitivamente a primeira modificación do ano 2017 da Relación de postos de traballo do Concello, segundo o texto que figura no expediente, consistente na eliminación do posto código da RPT nº 020009 denominado: Policía segunda actividade do Corpo de Policía Local.-

3º.- Publicar integramente a modificación nº 1/2017 da Relación de Postos de Traballo do Concello no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

5º.- Prórroga terceira do contrato de concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal Fiora Ramos “Florida”.-

Expón a proposta a concelleira delegada sra. Reimunde, que fala das prórrogas anteriores, da intención municipal de integrar esta escola na rede autonómica de escolas infantís Galiña Azul e dos seus intentos de tratar esta cuestión coa Xerencia do Consorcio Galego de Benestar sen chegar a ser atendida; a proposta representa un curso mais de boa xestión do centro, sen prexuízo se seguir intentando nese tempo que a Xunta asuma as súas competencias e, se non o fai, terá o Concello que realizar unha nova contratación. Informa de que se está traballando na elaboración dun novo regulamento do servizo.-

A sra. Bolaño di que o centro está atendido por excelentes profesionais, lamenta que a Xunta obrigue aos concellos a pagar gastos correspondentes a competencias autonómicas e que só fale cos concellos da súa cor política; que a Xunta asumise a súa competencia representaría un aforro importantísimo para o Concello.-

A sra. Salorio, que dubida de que a Xunta non conteste ás citas que se lle piden, di que debería terse concedido no seu momento a prórroga por catro anos que solicitaba o concesionario, en vez de conceder prórrogas anuais alegando que é para estudar o futuro da escola e o seu traspaso á Xunta, se consideran que este é beneficioso, que avancen nesa liña e, en caso de conseguilo, que se defendan os postos de traballo actuais. Considera moi necesario un novo regulamento deste servizo, debido aos problemas de xestión que produce a norma actual.-

A sra. Reimunde considera que facer prórrogas anuais non lle supón gasto ningún ao concello. A sra. Salorio cre que iso conleva o gasto do traballo dos funcionarios.-

O sr. Alcalde di que antes da votación quere que os cidadáns saiban o que paga cada Administración, para o cal cita os importes das partidas do Presupuesto municipal para servizos sociais, escola infantil e centro de día, afirmando que por cada euro que paga a Xunta o Concello paga dous.-

Efectuada a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

Autorizar a prórroga polo período dun ano e un mes, do 1-8-2017 ao 31-8-2018, do contrato de concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal Fiora Ramos “Florida”, do que é adxudicataria a empresa



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

CANTALARRANA S.COOP.GALEGA, con NIF F15553712, de conformidade co disposto na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares que tuxe a contratación”.-

6º.- Aprobación provisional do PXOM derivada da Orde do 30 de xaneiro do 2017 da Xunta de Galicia sobre a aprobación definitiva do PXOM (art. 85 LIOUGA).-

A instancia do concelleiro delegado sr. Montouto o Secretario informa da corrección dun erro existente no seu informe de data 18-5-2017 referente á suxeición do Plan ás determinacións da Lei 9/2002. Seguidamente interven polo grupo Sadamaioña dito concelleiro, quen tras agradecer o labor dos anteriores concelleiros de Urbanismo, explica detidamente o proceso de tramitación do PXOM e remata a súa intervención dicindo que o plan debe aprobarse polo interese xeral dos veciños, dará seguridade xurídica e posibilitará investimentos do Concello e doutras Administracións públicas; e pide o voto unánime da Corporación.-

O sr. Suárez, polo grupo BNG, fala do longo traxecto percorrido polo Plan desde que hai nove anos o goberno do BNG o iniciara, pasando por tres Corporacións distintas; sinala diversos aspectos cos que o seu grupo está satisfeito de ter contribuído a mellorar o documento, non é o plan de ningún grupo en concreto pero si é o PXOM de todos; o seu grupo votará a favor do Plan para que haxa mais áreas empresariais, mellorar as infraestruturas, manter o carácter propio de cada parroquia e dos distintos núcleos, dispoñer de mais espazos libres e equipamentos, e salvagardar os valores medioambientais e arquitectónicos de Sada.-

O sr. Gómez, polo grupo PSDP, destaca que o plan vaise aprobar polos votos das catro forzas políticas que foron capaces de poñerse de acordo en beneficio do pobo de Sada, obviando os aspectos que as separan; critica a utilización interesada que, ao seu xuízo, quería facer do plan o anterior alcalde, así como as que considerara falsas expectativas dadas por este aos que fixeron alegacións. O seu grupo votará a favor da aprobación do plan.-

A sra. Bolaño destaca tamén o feito de que este PXOM sexa a obra de tres Corporacións distintas; polo que se trata dunha obra que é de todos ou non é de ningún; para o seu grupo o que prima neste plan é o interese xeral, a protección da legalidade urbanística e as dotacións. Considera que o grupo PP debe votar a favor en aras do interese xeral.-

O sr. Anido interven polo Grupo PP facendo referencia ao que considera improvisacións e modificacións que fan necesario adaptar os informes á realidade do documento, para o que propón deixar sobre a mesa este asunto. A Presidencia somete a votación esta proposición, que é desestimada con sete votos a favor do grupo PP e dez votos en contra dos restantes grupos. Continua o sr. Anido afirmando que se vai aprobar o PXOM coa intención de enganar aos veciños, á Xunta e aos Tribunais; afirma que a tramitación do plan sufriu modificacións substanciais e debe ser de novo sometido a información pública; opina que neste documento non se utiliza os mesmos criterios para todos os veciños e enumera diversos aspectos que considera deficiencias do PXOM; di que a memoria

ambiental do plan xa non coincide co documento polos numerosos cambios efectuados; en contra dos Tribunais de Xustiza, trátase de legalizar o ilegalizable. Anuncia o voto en contra do seu grupo.-

Interven en segunda quenda os sres. Suárez, Gómez, Bolaño, Montouto, Anido e o sr. Alcalde.-

Efectuada votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor dos grupos Sadamaioña, PSOE, PSDP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación do Municipio de Sada, redactado pola empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P., coas modificacións introducidas nos termos dos informes que constan no expediente respecto do documento aprobado en sesión de 17-3-2016, por considerar correctamente realizada a emenda das deficiencias postas de manifesto na Orde de 30-1-2017 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.-

2º.- Remitir o documento do Plan provisionalmente aprobado, debidamente dilixenciado e cunha copia autenticada do expediente administrativo, á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Territorio da Xunta de Galicia, para que se dite a resolución que proceda verbo da súa aprobación definitiva.-

Control de Organos de Goberno:

7º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 24-4-2017 a 19-5-2017.-

8º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

8.1.- Moción do grupo PP para a concesión da “compostela” aos peregrinos que realicen o Camiño Inglés desde Sada a Santiago.-

A sra. Salorio expón a moción que presenta o grupo PP para a concesión da “compostela” aos peregrinos que realicen o Camiño Inglés desde Sada a Santiago, xustificando a urxencia da mesma en que acordada na pasada



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

sesión plenaria a solicitude de inclusión de Sada no Camiño Inglés, é importante que estes dous asuntos poidan xestionarse conxuntamente.-

O sr. Suárez intervéñen dicindo que efectivamente está acordado facer dita solicitude e o sr. Alcalde está habilitado para todos os trámites necesarios, e xa se está nisto, polo que o seu grupo votará en contra.-

Efectuada votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción, por maioría, con sete votos a favor do grupo PP e dez votos en contra dos restantes grupos.-

8.2.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de solicitude da posta en funcionamento do plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña.-

A sra. Pose presenta a moción do grupo municipal do PP sobre posta en marcha do Plan de Accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña, e xustifica a urxencia na necesidade de dar mellor servizo aos usuarios do transporte público.-

O sr. Alcalde di estar totalmente de acordo na necesidade de que os usuarios do transporte público poidan acceder ao centro de A Coruña, pero mañá mesmo hai unha reunión dos concellos da área metropolitana para tratar das alegacións presentadas a este plan, polo que considera que non existe urxencia nesta moción.-

Efectuada votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción, por maioría, con sete votos a favor do grupo PP e dez votos en contra dos restantes grupos.-

8º.3.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular para a retirada dun recheo no ámbito protexido das Brañas de Sada.-

O sr. García Coto presenta a moción do grupo municipal do PP sobre execución da sentenza ditada pola Audiencia Provincial da Coruña, nº 55/2010, de data 20-3-2012, retirando o recheo ilegal executado no ámbito protexido das Brañas, moción que consideraría urxente pola data da sentenza, a importancia do espazo protexido de As Brañas e a necesidade de recuperar o réxime hidráulico do mesmo.-

O sr. Montouto manifesta que a mencionada sentenza da Audiencia Provincial foi revocada polo Tribunal Supremo, polo que non se pode aprobar esa moción. O sr. Gómez intervéñen lendo o fallo da sentenza do Tribunal Supremo que anula a da Audiencia Provincial e absolve ao acusado.-

O sr. García Coto di que aínda que non sexa obrigatorio retirar o recheo é importante que se retire. O sr. Alcalde di que, sen prexuízo de que sexan os técnicos os que digan de que forma hai que intervir nesa área, o que di a moción do PP é que se execute a sentenza revocada, o que non pode ser.-

Sometido o asunto a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor do grupo PP e dez votos en contra dos restantes grupos.-

9º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez formula os seguintes rogos:

1) Roga que o sr. Alcalde compare o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente e o Plan que se aprobou provisionalmente durante o goberno do sr. Anido, modificado por este, dicindo que houbo oitenta cambios no mesmo que corresponden ao que denomina “pelotazos”, dos que pon varios exemplos.-

2) Roga que o sr. Alcalde revise todos os expedientes de licenza que a Xustiza anulou mentres eles gobernaban, e comprobe que todos teñen os informes favorables, tanto técnicos coma xurídicos.-

3) Roga ao sr. Alcalde que mire unha licenza de primeira ocupación que o sr. Anido deu a un lote de vivendas facendo caso omiso aos informes técnicos nos que se reflecta a necesidade de facer modificacións previas á ocupación.-

A sra. Pose fai un rogo para que se relacionen mediante enlaces os documentos electrónicos das actas das sesións co momento exacto de cada intervención nos vídeos dispoñibles na páxina web.-

A sra. Salorio roga ao sr. Alcalde que solicite ao Cabildo de Santiago que valore a posibilidade de conceder a Compostela aos peregrinos que realicen o Camiño Inglés dende Sada, aínda que este percorrido non chegue aos cen quilómetros necesarios para a dita concesión, pola mesma razón que a concedeu hai seis meses aos caminantes que inician o percorrido na Coruña, sen cumprir o dito requisito. O sr. Becerra responde dicindo que, aínda que non é unha competencia da Corporación, terase en conta a súa proposta.-

O sr. Gómez fai as seguintes preguntas:

1) Pregunta ao sr. Alcalde, reiterando pregunta feita na sesión pasada, polos responsables de tapar do Río Bao no recheo das Brañas.-

2) Pregunta ao sr. Alcalde se lle vai responder sobre o obxecto dunha factura que se pagou a un bufete de avogados.-

3) Pregunta ao sr. Alcalde se hai ou non caixón na Rúa Miño, ao que o sr. Alcalde contesta que si o hai porque el mesmo entrou en dito caixón despois do debate que houbo o 30 de marzo, e que enviou as fotos ao portavoz do grupo municipal do PP; o sr. Gómez solicita ter el tamén esas fotos.-

CVD: aqDZ876Amndy3yQ+/utH
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-